



## ASOCIACION PROFESIONAL DO SERVIZO PÚBLICO DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DA XUNTA DE GALICIA

Antigo Grupo Escolar, local 3  
A Devesa, Codeseda, 36684 A Estrada, Pontevedra  
[WWW.Apropiga.org](http://WWW.Apropiga.org) e-mail: [info@apropiga.org](mailto:info@apropiga.org)  
Tfno. móbil: 609 886 662

13 de abril de 2012

### NOTA DE PRENSA

Dende a asociación profesional de persoal de prevención e defensa contra os incendios forestais da Xunta de Galicia (Apropiga), queremos mostrar o noso máis profundo rexeitamento ó uso partidista que, unha vez máis, se está a facer dos incendios en Galicia. Non podemos compartir que se desvie a presión, que debería recaer nos incendiarios, cara ós corpos de extinción que participamos na loita contra os incendios forestais, especialmente no Spdcif, co gaio de crear unha polémica de carácter político con fins electoralistas que desvían a atención sobre os verdadeiros problemas da prevención e extinción de incendios forestais en Galicia.

Reclamamos dos grupos políticos que poñan fin, dunha vez, a un debate político ineficaz que tan só proporciona unha coartada de impunidade ós verdadeiros culpables dos miles de incendios que cada ano asolan os nosos montes, xa que se desvían a atención dos incendiarios para poñer no punto de mira ós traballadores da prevención e da extinción contra os incendios forestais.

Pedimos que o plan de defensa contra incendios forestais de Galicia (Pladiga), que cada ano elabora a Consellería de Medio Rural, non só se adiante ó mes de maio –tal e como acaban de acordar os grupos políticos no Parlamento para este ano 2012- , senón que cada ano se estableza coa suficiente antelación un Plan que permita dispoñer dos medios suficientes en cada época do ano tendo en conta que, tal e como reflicten as estadísticas sobre incendios forestais dos últimos anos, os picos de incidencia daqueles varían ó longo do ano, podendo producirse vagas de incendios en meses non considerados de alto risco, a priori, tal e como se demostrou nos meses de outubro de 2011 e marzo e abril deste ano. Cremos que este plan debe ser pactado e negociado coas organizacións sindicais e profesionais que representan ós traballadores do Spdcif e debe gozar de consenso entre as forzas políticas para definir os efectivos necesarios que se deben contratar para as labores de prevención e extinción de incendios, axustándose ao índice de risco de incendios obxetivamente definido e co fin de sacar da loita partidista o necio debate de ausencia ou sobredimensionamento dos medios de prevención e extinción.

Tamén consideramos inadmisíbel que, constantemente, se fale de descoordinación na extinción de ningún lume. Esa valoración, dende o noso punto de vista, está sendo obxecto dun debate absurdo utilizado por persoas –moitas delas con funcións públicas- que descoñecen os protocolos na extinción de un incendio forestal e que, buscando notoriedade e réditos electorais, poñen en perigo o traballo das brigadas e dos encargados, dende a súa responsabilidade técnica, de dirixir os lumes. Non se pode falar de descoordinación nin de actuacións negligentes cando hai persoas que arriscan as súas vidas para salvar o patrimonio forestal e natural de Galicia. Todo operativo é susceptible de mellora e ese asunto debe ser sometido a debate nos foros técnicos nos que corresponde facelo, lonxe do debate político e electoralista.

E, por iso, a Consellería de Medio Rural debe establecer un contacto permanente cos profesionais que están directamente implicados na prevención e extinción de incendios forestais en Galicia, para introducir as melloras necesarias no dispositivo e nos protocolos de actuación e non facer, como ata o de agora, que é mirar cara outro lado, dilatando o necesario

debate sobre a mellora dos protocolos de actuación nos lumes; non abordando a necesidade de que haxa unha coordinación con corpos de emerxencias que participan nas mesmas tarefas (bombeiros urbáns ou protección civil) e que agora é inexistente; negándose a considerar ó Spdcif como corpo de emerxencias e a súa redefinición para atender este e outros tipos de actuación.

Tamén cremos demagóxico que se pida un “mando único” na extinción de incendios forestais e, ó mesmo tempo, se solicite a a continuidade de Seaga, duplicando o Servicio de Prevención de Defensa Contra Incendios Forestais da Xunta de Galicia; que se despregue ó exército en labores de vixilancia e extinción, triplicando o servicio de defensa; que se anuncie a creación de brigadas de emerxencias forestais municipais con cargo ao canon eólico, cuatuplicando o servicio de extinción de incendios; e que se recurra á empresa privada Natutechnia, quintuplicando o número de entes que actúan nun incendio. Esiximos racionalidade no gasto público e a eliminación de tódolos entes pseudopúblicos e privados que realizan as labores que o propio Spdcif leva facendo dende 1990 sen ningunha xustificación racional ou técnica; consideramos necesario un redimensionamento adecuado do dispositivo de prevención e extinción de incendios forestais en Galicia; que se cubran as necesidades de persoal nas brigadas, nos vehículos motobomba, nos postos fixos de vixilancia, nas centros de coordinación de distrito e centrales que agora están baixo mínimos; que se nos dote de materiais dignos para desenvolver o noso traballo nunhas condicións que minimicen os riscos ós que estamos sometidos.

Por último, queremos adicar unha última homenaxe ao noso compañeiro Higinio Vivas López, recentemente falecido no desempeño do seu traballo extinguindo un lume provocado no concello ourensán de Castrelo do Val. Esta asociación ven de tramitar a solicitude ante o delegado do goberno en Galicia para que lle sexa concedida, a título póstumo, a medalla ao mérito civil en recoñecemento á súa contribución á defensa do medio ambiente galego e dos bens comúns de todos nós.

Sebastián Hernandez  
Secretario Apropiga  
609734398

Roberto Jorge  
Vicepresidente Apropiga  
615601036